



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Outubro 2016

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2016

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade do sector servizos. Outubro 2016


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de outubro en Galicia un aumento do 7,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 2,8%.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 8,8% e os Outros servizos o 2,5%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 1,9% e en España un 2,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de outubro. Galicia é a comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a sexta comunidade con menor incremento.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de outubro en Galicia un crecemento do 7,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 1,7 puntos menos que no mes de setembro. O índice para España amosa un aumento do 2,8% respecto ao mes de outubro de 2015, 1,7 puntos inferior ao rexistrado no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese ao *Comercio*, que aumenta o 8,8% e achega 6,6 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 2,5% e achegan 0,7 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 2,4%, 6,4 puntos inferior á taxa galega; os *Outros servizos* aumentan o 3,4%, 0,9 puntos máis que en Galicia.

O incremento da facturación no *Comercio* en Galicia ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 13,1% e achega 6,3 puntos á taxa de variación do índice xeral. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* rexistra un incremento da súa cifra de negocios do 2,1%. En senso contrario, a *Venta e reparación de vehículos* rexistra un incremento do 2,8% en Galicia fronte ao 9,3% en España.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 2,5%. A *Hostalería*, cunha taxa do 9,7%, e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, cun incremento do 13,2%, son os sectores con maior repercusión no índice xeral, 0,4 puntos; pola contra, o *Transporte* e as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen a cifra de negocios, -0,2% e -4,7% respectivamente.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 3,4%. As *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, cun aumento do 4,4%, son o sector que máis repercute no índice xeral, catro décimas.

No que vai de ano, a cifra de negocios aumenta un 9,0% en Galicia, grazas principalmente ao *Comercio por xunto*, que cun aumento do 15,4% achega 7,3 puntos á taxa de variación acumulada. Soamente as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen a súa cifra de negocios, -2,0%.

En España, nos dez primeiros meses do ano, a cifra de negocios aumenta o 4,0%, 5,0 puntos menos que en Galicia. Todos os sectores amosan taxas de variación acumuladas positivas; a *Venta e reparación de vehículos de motor* e o *Comercio por xunto* son os sectores que mais repercuten neste crecemento.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 5,7% no mes de outubro. Este incremento débese principalmente ao *Comercio* que aumenta o 8,6% e achega 3,4 puntos á taxa de variación do índice xeral e á *Hostalería*, que cun crecemento do 9,7%, achega 2,2 puntos á taxa de variación do índice xeral. En senso contrario, as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* rexistran unha taxa negativa, -7,3%.


Nos dez primeiros meses do ano, o índice xeral creceu un 7,4%, sendo o *Comercio*, cun incremento do 10,2% o que máis repercute neste crecemento, 4,4 puntos. Pola contra, as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen o 2,3% e restan 0,2 puntos á taxa xeral.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 9,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 7,4%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de outubro en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios. Os maiores aumentos danse en Galicia (7,3%), Extremadura (7,0%), La Rioja (6,8%) e Cantabria (6,6%). As comunidades con menores incrementos son Castilla y León e País Vasco (ambas as dúas 0,7%) e Cataluña (0,9%).

No acumulado do ano, Galicia (9,0%), Illes Balears (7,8%) e La Rioja (7,1%) son as comunidades con maiores incrementos. Os menores crecements rexístranse en Castilla y León (1,6%) e Asturias (2,0%).

Índices de cifra de negocios. Outubro 2016


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,9% respecto ao mes de outubro de 2015, 0,4 puntos menos que en España (2,3%).



O persoal ocupado aumenta un 1,6% no *Comercio* e un 2,1% nos *Outros servizos*. As *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (5,9%) son o sector con maior repercusión no índice xeral, 0,8 puntos. As *Actividades profesionais, científicas e técnicas* son o único sector onde diminúe a ocupación, -0,6%.

En España, as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (3,6%) e a *Hostalería* (2,8%) son as que máis repercuten no crecemento do emprego, 0,5 puntos cada unha.

No acumulado do ano, o emprego crece en Galicia o 2,1% fronte ao 2,4% en España. Todos os sectores incrementan a ocupación en Galicia nos dez primeiros meses do ano agás as *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, -0,3%. As *Actividades administrativas e servizos auxiliares* son o sector con maior crecemento tanto en Galicia (5,2%) como en España (4,0%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de outubro. O maior incremento dáse en Illes Balears (4,9%), Canarias (4,1%) e Murcia (4,0%).

Asturias e Andalucía, cun incremento do 0,8%, son as comunidades onde menos crece ocupación.

No conxunto do ano, Illes Balears (3,9%) e Navarra (3,5%) son as comunidades con maior incremento do emprego, mentres que Asturias (0,9%) e Andalucía (1,5%) rexistran os menores crecementos.

Índices de persoal ocupado. Outubro 2016

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Outubro 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	117,3	7,3	9,0
Comercio	120,7	8,8	10,6
Venta e reparación de vehículos de motor	95,3	2,8	5,6
Comercio por xunto	137,0	13,1	15,4
Comercio ao retalho	98,2	0,7	1,8
Outros servizos	105,0	2,5	4,5
Transporte	112,9	-0,2	1,8
Hostalería	99,6	9,7	9,7
Información e comunicacións	87,0	0,4	5,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	96,7	-4,7	-2,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	138,7	13,2	12,3
España			
Xeral	105,0	2,8	4,0
Comercio	103,9	2,4	3,5
Venta e reparación de vehículos de motor	109,1	9,3	11,6
Comercio por xunto	107,0	2,1	3,0
Comercio ao retalho	96,5	0,7	1,9
Outros servizos	106,9	3,4	4,8
Transporte	113,0	0,9	1,9
Hostalería	115,3	6,3	6,9
Información e comunicacións	98,4	2,6	4,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	104,0	4,4	6,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	107,5	5,4	5,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Outubro 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	108,9	5,7	7,4
Comercio	112,7	8,6	10,2
Transporte	118,0	0,4	2,8
Hostalería	100,8	9,7	9,7
Información e comunicacións	85,1	0,4	5,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,5	-7,3	-2,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	125,0	11,4	9,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Outubro 2016**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	105,0	2,8	4,0
Andalucía	97,5	1,1	2,8
Aragón	110,3	2,6	3,0
Asturias	96,7	2,1	2,0
Balears, Illes	117,7	4,6	7,8
Canarias	111,2	5,2	5,5
Cantabria	99,3	6,6	6,2
Castilla y León	104,3	0,7	1,6
Castilla-La Mancha	103,1	4,9	3,9
Cataluña	107,3	0,9	3,0
Comunitat Valenciana	105,8	3,2	4,4
Extremadura	102,8	7,0	5,3
GALICIA	117,3	7,3	9,0
Madrid	103,5	3,7	3,7
Murcia	102,2	1,0	4,5
Navarra	100,2	1,2	3,8
País Vasco	103,4	0,7	4,2
Rioja, La	116,1	6,8	7,1

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Outubro 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	98,2	1,9	2,1
Comercio	94,3	1,6	1,7
Venta e reparación de vehículos de motor	84,4	0,9	0,3
Comercio por xunto	91,1	2,7	3,2
Comercio ao retallo	98,1	1,2	1,1
Outros servizos	101,6	2,1	2,4
Transporte	98,9	1,3	0,9
Hostalería	95,8	1,6	3,4
Información e comunicacións	87,3	2,0	2,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	99,6	-0,6	-0,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	118,0	5,9	5,2
España			
Xeral	101,9	2,3	2,4
Comercio	99,8	1,9	2,1
Venta e reparación de vehículos de motor	91,6	1,7	2,2
Comercio por xunto	104,1	2,5	2,7
Comercio ao retallo	98,6	1,5	1,7
Outros servizos	103,3	2,5	2,6
Transporte	99,1	1,9	1,7
Hostalería	105,8	2,8	3,0
Información e comunicacións	98,1	1,4	1,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	98,9	2,0	1,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	109,6	3,6	4,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Outubro 2016**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	101,9	2,3	2,4
Andalucía	99,4	0,8	1,5
Aragón	100,0	3,0	3,3
Asturias	94,0	0,8	0,9
Baleares, Illes	116,4	4,9	3,9
Canarias	105,5	4,1	3,3
Cantabria	101,9	3,6	2,9
Castilla y León	97,2	1,2	1,6
Castilla-La Mancha	99,5	1,9	1,9
Cataluña	105,4	2,8	3,2
Comunitat Valenciana	103,7	2,3	2,5
Extremadura	102,8	3,5	2,4
GALICIA	98,2	1,9	2,1
Madrid	99,0	2,1	1,9
Murcia	107,3	4,0	3,1
Navarra	105,1	3,5	3,5
País Vasco	102,8	1,5	1,9
Rioja, La	107,3	3,8	3,1

Fonte: INE